

006002 27.06.2014 13:39

RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE XUÑO DE 2014 POLA QUE SE FAN PÚBLICOS OS PROCEDEMENTOS QUE SE VAN APLICAR PARA A ADMISIÓN ÁS DISTINTAS ENSEINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO

O Real decreto 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao, establece que as Universidades públicas deberán facer públicos os procedementos que se van aplicar para a admisión ás distintas ensinanzas universitarias oficiais de Grao, o seu contido, regras de funcionamento e as datas de realización dos mesmos, así como os criterios de valoración, a súa ponderación e baremos, e as regras para establecer a orde de prelación na adxudicación de prazas.

A Universidade de Santiago de Compostela, mediante Convenio asinado o 12 de marzo de 2001, coas Universidades da Coruña e de Vigo e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para desenvolver e realizar o proceso de incorporación de estudantes ao Sistema Universitario de Galicia e polo que se crea a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), encomenda a esta Comisión a organización e xestión da maior parte de procesos de acceso e admisión ás ensinanzas de Grao para o curso 2014-2015; procedementos que, ademais, confórmanse como comúns a todas as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O devandito Real decreto 412/2014 distingue entre acceso, en referencia aos títulos habilitantes para cursar estudos de Grao; e admisión e procesos de admisión como os mecanismos de adxudicación das prazas en cada un dos estudos de Grao para os que posúan algún título de acceso.

A día de hoxe, todas as normas aplicables aos procedementos de acceso e admisión aos estudos de Grao foron publicadas a través do Diario Oficial de Galicia, da páxina web oficial da Universidade e do taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, así como da páxina web oficial da CIUG. Aínda así, en aplicación do principio de transparencia e para a súa máxima difusión considérase oportuno reunilas nun único documento que facilite a súa consulta. E é por todo iso que,

Esta Reitoría **RESOLVE**:

ÚNICO.- Na presente resolución recóllense as normas reguladoras dos procedementos que se van aplicar para o curso 2014-2015 para o acceso e a admisión ás distintas ensinanzas de Grao, así como as datas de realización dos procedementos, os criterios de valoración, a súa ponderación e baremos, e as regras para establecer a orde de prelación na adxudicación de prazas. Procedementos que individualmente xa foron publicados no Diario Oficial da Galicia, no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da Universidade ou na páxina web oficial da Comisión Interuniversitaria de Galicia (en diante CIUG).

I. PROBAS DE ACCESO AOS ESTUDOS UNIVERSITARIOS OFICIAIS DE GRAO

a. Proba de acceso para os que se atopen en posesión do título de Bacharel ou equivalente e para os que se atopen en posesión do título de Técnico Superior de Formación Profesional, de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño, de Técnico Deportivo Superior, ou títulos equivalentes.

Todas elas axústanse ao establecido no *Real decreto 1892/2008, de 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao e os procedementos de admisión ás universidades públicas españolas* e as súas disposicións de desenvolvemento; aplicadas en Galicia a través da *Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema Universitario de Galicia (DOG do 4 de abril de 2011)*. O citado Real decreto 1892/2008 establece que o parámetro das materias da fase específica das probas de acceso á universidade será 0,1 pero que as universidades poderán elevar devandito parámetro ata 0,2 naquelas materias que consideren máis idóneas para seguir con éxito ditas ensinanzas universitarias oficiais de Grao. A CIUG fai públicos, a través da *Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia de 12 de maio de 2014 (DOG 16 de maio de 2014)*, os parámetros de ponderación das materias da fase específica da proba de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao do Sistema Universitario de Galicia para o curso 2014/15.

A convocatoria da proba de acceso a titulacións de Grao do SUG para o curso 2014/2015 aprobouse por Resolución de 8 de maio de 2014 da Presidencia da CIUG, publicada na páxina web da CIUG.

b. Proba de acceso para maiores de 25 anos e para maiores de 45 anos

As convocatorias para a *proba de maiores de 25 anos e de maiores de 45 anos* para o curso 2014/2015, publicadas por resolucións do 14 de xaneiro e do 15 de xaneiro de 2014, respectivamente, atópanse na páxina web da CIUG.

c. Proba de acceso para maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral

O Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela (USC), na sesión de 23 de marzo de 2011, acordou aprobar o *Regulamento de acceso e admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao para as persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia laboral e profesional e non teñan titulación habilitante*, segundo o establecido no citado Real decreto 1892/2008.

A *convocatoria das probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao para as persoas maiores de 40 anos que acrediten experiencia profesional ou laboral para o ingreso en titulacións de Grao para o curso 2014-2015* publicouse o 9 de abril de 2014.

Ambas normas atópanse publicadas na sección de normativa da páxina web oficial e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

II. PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN ÁS ENSEINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO

a. Inicio de estudos

A *Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia do 24 de marzo de 2011 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia, DOG do 4 de abril de 2011*, encomenda á CIUG a xestión do procedemento de admisión. Nesta Orde establécense as cotas de

reserva e as porcentaxes do total de prazas que para cada título oferta a USC: maiores de 25 anos, maiores de 40 anos, maiores de 45 anos, alumnado con grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, alumnado con cualificación de Deportista de Alto Nivel e titulados universitarios ou equivalentes; así como o procedemento de detallado.

Por *Resolución de 5 de xuño de 2014 da Presidencia da CIUG publícase a convocatoria do proceso de admisión ás titulacións de Grao do SUG para o curso 2015* detallando o calendario, número de prazas en cada unha das titulacións, cotas de reserva e procedemento para cada grupo de solicitantes. Esta convocatoria publícase anualmente na páxina web da CIUG.

En aplicación das modificacións establecidas pola *Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa* no sistema vixente de acceso-admisión en estudos de Grao, o Consello de Goberno da USC aprobou o 23 de abril de 2014 un *Acordo sobre implantación do sistema de admisión adicional para o acceso ao sistema universitario de Galicia dos estudantes de títulos superiores de Formación Profesional e dos estudantes procedentes doutros sistemas educativos necesario para o curso 2014-2015*. O devandito acordo publicouse na sección de normativa da páxina web oficial e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, e enche o baleiro legal que se podería producir respecto dos criterios e baremos a aplicar para a adxudicación de prazas dalgúns colectivos.

b. Continuación de estudos

O Consello de Goberno da USC acordou o *27 de maio de 2010 aprobar os criterios de admisión por cambio de universidade e/ou de estudos universitarios nos estudos de Grao*. Os prazos e o procedemento atópanse recollidos na Convocatoria xeral de matrícula para o curso 2014-2015, publicada por Resolución de 11 de xuño de 2014 no taboleiro de anuncios da USC.

c. Admisión ás ensinanzas oficiais de Grao para os estudantes procedentes de sistemas educativos estranxeiros

Os alumnos procedentes de universidades estranxeiras que pretendan continuar os mesmos estudos na USC deberán solicitar o recoñecemento parcial de estudos segundo os criterios de admisión, procedemento, prazos e requisitos establecidos no *Acordo de Consello de Goberno de 21 de febreiro de 2014 polo que se aproba o Protocolo de Recoñecementos e a Resolución reitoral de 7 de marzo de 2014 pola que se publica a Convocatoria de ingreso na USC a través do procedemento de validación parcial de estudos estranxeiros*.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2014

O Reitor,



Juan M. Viaño Rey